



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONGREGACIÓN DE LAS HERMANAS MERCEDARIAS DE LA CARIDAD PARA O MANTEMENTO DE VIVENDAS DE TRANSICIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO PREVIAS A UN RECURSO DE ACOLLIDA, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad para:

- Contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade á Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad, para o mantemento de vivendas de transición para mulleres que sofren violencia de xénero, que sexan derivadas a través da Rede galega de Acollemento.

A finalidade é proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral a estas e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e de recuperación.

O recurso facilitará con carácter inmediato, o aloxamento e protección necesarios tentando ofrecer polo tanto unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade ante unha situación de crise ou emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad é unha entidade relixiosa de iniciativa social sen ánimo de lucro, rexistrada no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos





sociais da Xunta de Galicia co número de rexistro 3670, cuxas áreas de actuación son a familia, a igualdade, a infancia e os menores e que ten entre outros os seguintes obxectivos:

- Protexer á muller e/ou ás persoas dependentes dela, os seus fillos e fillas, ofrecéndolle un espazo seguro e inmediato que evite novos episodios de malos tratos.
- Facer visible socialmente e na comunidade o problema da violencia de xénero e denunciar a inxustiza social que supón a violencia de xénero.

Ademais, é titular dunha casa de vivenda tutelada de transición a vida autónoma para mulleres, acondicionada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e comprende os requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

Está integrada na rede galega de acollemento nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e ten como finalidade proporcionar aloxamento así como un espazo de protección que proporciona a cobertura de necesidades básicas como o aloxamento, manutención e gastos farmacéuticos ás persoas destinatarias do recurso.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Congregación Hermanas Mercedarias de la Caridad para o financiamento e atención das necesidades das mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos nun primeiro momento e durante unha estancia curta, mentres se valora a súa situación e se efectúa a derivación a outro dispositivo de longa estancia máis axeitado cando fora o caso.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar recursos de acollida ás mulleres vítimas de violencia de xénero axeitados para atender a un colectivo especialmente vulnerable como son as mulleres vítimas de violencia de xénero. Forma parte da Rede Galega de Acollemento





recollida no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, e como tal presta un servizo non só de acollida senón que realiza un acompañamento e asesoramento integral, nos aspectos psicolóxicos, xurídicos, sociolaborais, ás mulleres que el residen.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrència pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscrición deste convenio, posto que hai que ter en conta a especificidade das características do proxecto que se vai a levar a cabo e a ausencia no ámbito territorial de Galicia de entidades alternativas que dispoñen dos espazos e persoal axeitado para mulleres vítimas de violencia, así como a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

